

O INNOV4LIFE impulsa solucións dixitais centradas na persoa usuaria!

Nos últimos meses, o proxecto INNOV4LIFE consolidou o seu rol como referente da innovación aberta en saúde dixital.

En outubro estivemos no evento *BIN@PORTO 2024: Innovation for Resilience*, onde participamos na mesa redonda *Action Tank - Digital Health*. A discusión centrouse nos desafíos do envellecemento e das comorbilidades, destacando o INNOV4LIFE como exemplo da innovación aberta e colaborativa na materia.



Tamén estivemos presentes no *Investors Day – Reverse Pitching*, afondando no coñecemento sobre as esixencias actuais dos investidores nos sectores da tecnoloxía e a saúde.

En novembro, o proxecto participou no *III Congreso Nacional sobre Enfermedades*

Neurodexenerativas, en Santiago de Compostela. Establecemos un posto informativo e participamos nunha mesa redonda dedicada á saúde dixital e aos Living Labs no contexto das demencias, e nela presentamos resultados e máis perspectivas de futuro.



No ámbito da investigación, publicamos recentemente o artigo *Co-creation in the Development of Digital Therapeutics: A Narrative Review*, que destaca o papel da cocreación na eficacia, usabilidade e integración das terapias dixitais (DTx) nos sistemas de saúde. Ademais, dous artigos do proxecto foron premiados polo programa *IACOBUS–Scientific Publications*, que apoia colaboracións científicas transfronteirizas entre Galicia e o Norte de Portugal.

O INNOV4LIFE impulsa solucións dixitais centradas na persoa usuaria!

No ámbito dos servizos de validación, desenvolvemos un protocolo científico baseado en evidencia para a validación e cocreación de tecnoloxías dixitais de saúde na nosa rede de Living Labs. Destinado a empresas, *start-ups* e centros de investigación, este protocolo apoia a resposta a desafíos reais do sistema de saúde. Fundamentado nos principios do deseño centrado no ser humano e as metodoloxías participativas, promove a participación activa das persoas usuarias en todas as fases do desenvolvemento, dende a ideación ata a proba en contexto real, garantindo solucións axustadas, sostibles e con impacto efectivo.

Nestes momentos, estamos a preparar o lanzamento dunha convocatoria para apoiar as empresas (start-ups, PEMES e grandes empresas) que teñan solucións innovadoras en saúde dixital. Esta iniciativa permitirá que aquelas se beneficien da rede de Living Labs do INNOV4LIFE, facilitando procesos de cocreación con persoas usuarias reais, acelerando a madurez tecnolóxica do produto, a súa aproximación ao mercado e a posible adopción neste desas solucións.

Finalmente, invitámosvos a visitar a nosa páxina web oficial para que poidades coñecer mellor o proxecto, o equipo, acompañarnos nas actividades en curso y acceder á carteira de servizos e formación.

A carteira formativa, que inclúe temas relacionados coa saúde dixital, a demencia e o déficit cognitivo, está en constante actualización, con recursos educativos baseados nas necesidades identificadas na poboación, profesionais da saúde, coidadores e as propias persoas con demencia.

Estade atentos ao próximo lanzamento da convocatoria INNOV4LIFE, e non perdades a oportunidade de formar parte desta rede de innovación aberta que está a transformar a saúde dixital.

Visitate a nosa páxina web oficial!

